# ID#276

A Pena, Proendos – Sober, 1975-01
**Informantes**: Sr. Marcelino e familia
**Compilador**: Xosé Luís Rivas
**Transcrición**: X.L. Rivas, rev. S. de la Ossa

1. Muy buenas noches, señores,
los venimos vesitar,
e a medida das morcillas
non lle podían faltar.

2. E as señoras mandungueiras,
que na cociña están solas,
que nos vaian preparando
un bon plato de filloas.

3. Un bon plato de filloas,
un bon plato de morcillas;
as señoras mandungueiras
que están solas na cociña.

4. E os señores mandungueiros,
que son todos moi agudos,
e de agudos que son
xa picaron os pesuños.

5. Xa picaron os pesuños,
xa picaron os lacós,
se non lles quitan o xarro
tamén pican os xamós.

*Audio de procedencia:* MPG_RiXo_0002_010_en_0_19_35_id276